



asociación de
ALTAS capacidades

www.altascapacidades.org

Aptdo. 724 – Santiago de Compostela

Tlf: 661952917

ALTAS CAPACIDADES

SOBREDOTACIÓN

ou

SUPERDOTACIÓN

As persoas de altas capacidades son aquelas que teñen unha intelixencia superior á da media da poboación que teñen a mesma idade. No caso das nenas e nenos, non é doada a súa detección; si é certo, que son consideradas e considerados, excepcionais. Aínda que este concepto de excepcionalidade ligase ao déficit, polo tanto, con discapacidades, deficiencias ou minusvalías. Dá a sensación de que se quere esquecer, que esa excepcionalidade é bidireccional, é dicir, os grupos que representan os valores máis baixos e máis altos da variábel que se considera normal, corresponde en igual número a ámbolos dous grupos.

É preciso ter claro tres conceptos neste tema:

- ✓ *Talento*so é aquela persoa capaz de dar unha solución rápida a un problema de xeito inmediato. Está relacionado co bo sentido, a sensatez, o discernimento, a sagacidade, a facilidade e rápida comprensión.
- ✓ *Xenios* son aquelas persoas que perciben as relacións íntimas entre as cousas, xúntaas e combina os materiais, anticipase ao seu tempo, descubre, inventa.
- ✓ *Superdotado* é cando se alcanza un coeficiente intelectual (C.I) superior a 130 nas probas de rendemento.

O diagnóstico de superdotado ten que ser determinado por profesional cualificado e é moi importante que se detecte antes dos 18 anos e canto antes mellor, pois permitirá que as nosas nenas e nenos podan atoparse nun entorno educativo que o estimule e prestarlles a atención que precisan.

Polo tanto vai a ser a observación quen de axudarnos a detectar a unha nena ou neno tanto na familia coma no centro escolar. O primeiro paso será falar coa titora ou titor da nena ou neno no colexio, que será quen de solicitar ao departamento de orientación do centro que lle fagan a valoración correspondente; dita valoración consiste nunhas probas de intelixencia, creatividade e aptitudes específicas. Se houberse algún problema sempre se pode acudir aos *Equipos de Orientación Específicos*

de cada provincia, onde se atopa persoal específico pertencente a propia Consellería de Educación, e polo tanto, a Xunta. Dende esta nova perspectiva, eles teñen en conta:

✓ *Indicadores da capacidade intelectual:*

- facilidade para adquirir novas aprendizaxes
- rapidez na comprensión da información e conceptos novos
- capacidade para liderazgo e unha alta sensibilidade social
- destacan na habilidade para argumentar, preguntar e razoar
- denotan unha enorme curiosidade intelectual
- utilizan con axilidade os novos coñecementos para resolución de problemas prácticos e teóricos
- establecen conexións con facilidade entre conceptos diferentes
- elaboran conceptos verbais con facilidade...

✓ *Indicadores da capacidade cognitivo:*

- vocabulario amplo e rico e sabeo utilízalo con propiedade
- profundizan nos temas do seu interese
- gusto pola lectura
- memoria, retención fácil e evocación rápida e precisa
- rendemento excepcional nalguna rama do deporte
- manifestación específica de talento musical
- manifestación do talento matemático: uso de criterios sofisticados para clasificar, seriar e agrupar; rapidez na comprensión e solución de problemas, solucións sinxelas, directas, abreviadas, gusto polos números...

✓ *Indicadores da capacidade de automotivación e perseveranza:*

- capacidade de aprendizaxe autodirixida
- tendencia a traballar de xeito independente, é preciso estimulalas e estimulalos a traballar en equipo e compartan os seus coñecementos
- mótvanse cando as tarefas son novidosas e complicadas
- desfrutan cos cambios, aceptan os desafíos e proban cousas novas
- teñen grandes expectativas de si mesmas e de si mesmos coma dos demais, por elo teñen metas moi elevadas. Tamén hai unha parte negativa: poden sentirse presionadas e presionados coma ansiosas e ansiosos debido as esixencias do entorno (escola, familia...)

✓ *Indicadores da capacidade creativa:*

- orixinalidade
- invención e construción de aparellos sinxelos
- imaxinación e fantasía na utilización dos recursos
- capacidade de iniciativa

- independencia de pensamento
 - sentido do humor satírico e desconcertante
 - creación de ideas e procesos novidosos
 - manifestación de opinións contrarias ás habituais
 - facilidade para aplicar coñecementos dunha materia ou situación a outra
 - composición e adaptación de xogos, música...
- ✓ o desenvolvemento evolutivo da nosa filla ou fillo e o seu ritmo de crecemento
 - ✓ as relacións coa familia e coas persoas do entorno
 - ✓ as actividades que prefere e polas que teñen máis interese
 - ✓ a información aportada pola profesora ou profesor.

Hai unha serie de características que nos poden axudar as nais e os pais a detectar a estas nenas e nenos:

- ✓ tenden a durmir pouco
- ✓ posúen unha gran sensibilidade co mundo que lles rodea
- ✓ son moi observadoras e observadores
- ✓ aprenden a ler nun curto espazo de tempo
- ✓ aos seis meses din a súa primeira palabra
- ✓ a súa primeira frase aos doce meses
- ✓ manteñen unha conversa cun vocabulario impropia da súa idade, entre 18 e 24 meses
- ✓ con dous anos e medio aprenden o abecedario pola súa conta e son capaces de contar ata dez
- ✓ mentalmente poden resolver problemas de sumas e restas ata dez, con tres anos
- ✓ preocúpanse por temas de moralidade e xustiza
- ✓ aparentemente son moi distraídas e distraídos
- ✓ gústalles relacionarse con rapazas e rapaces de maior idade
- ✓ teñen un gran capacidade creativa
- ✓ son enérxicas e enérxicos así coma confiadas e confiados nas súas posibilidades

- ✓ tenden a unha baixa autoestima e tendencia a depresión
- ✓ son moi críticas e críticos consigo mesmas
- ✓ teñen unha gran capacidade de atención e concentración
- ✓ son independentes e introvertidas
- ✓ baséanse na construción das cousas, sendo o seu pensamento produtivo máis que reprodutivo
- ✓ chegan a sentirse raras e raros e incomprendidas

Nós, as nais e os pais temos un papel moi importante no seu desenvolvemento: estimúlalos correctamente, para elo pódese facer:

- ✓ inscribilos en actividades fóra do colexio o que permite un novo ábano de posibilidades
- ✓ levalos a sitios onde podan aprender cousas novas: museos, bibliotecas, centros comunitarios onde se desenvolven actividades
- ✓ falar e xogar con elas e con eles; son importantes as conversacións de feitos cotiás cos adultos e expresar o que realmente senten
- ✓ procurar un ambiente tranquilo onde poidan ler, estudar e axudalos cos seus deberes
- ✓ enfróntalas e enfróntalos a retos académicos para que non se aburran, explicándolles que é posíbel o éxito e que sairán beneficiosos no futuro
- ✓ prestar atención polas súas inclinacións e axudarlles a desenvolver esas habilidades
- ✓ debemos mitigar o excesivo perfeccionismo e autocrítica que poden adoptar
- ✓ as preguntas complicadas débense respostar sen darlle demasiada importancia e sen dar largas

Por mor de certos programas nas canles de comunicación, onde se vende o sensacionalismo, amosase xente cunha morea de carreiras, cun dominio de varias linguas e outras cousas semellantes, ¡non!, ese é un estereotipo preestablecido na nosa sociedade, de feito estamos a escoitar a cotío *"... que sorte, poden facer todo o que se propoñan"*, *"...non teñen problemas"*, é dicir créanse uns mitos falsos:

- ✓ son bichos raros, como se amosa nas películas
- ✓ son as nenas e nenos que quitan as mellores notas: mentres son pequenas e pequenos poden quitar os cursos sen problemas e polo tanto sen esforzo, elo conleva a non desenvolver uns

hábitos de estudo correctos e chegar a autoconvencerse de que e unha mágoa perder ese tempo no estudo. Mais a medida que se avanza nos cursos superiores, as cousas complícanse: precisan hábitos de estudo, máis horas de traballo... todo leva a un fracaso escolar

- ✓ é algo que debe envexarse: a intelixencia é unha aptitude que non serve de nada se non se sabe utilizar, coma todo, ten vantaxes e desvantaxes
- ✓ non saben que son diferentes ata que alguén se o di: elas e eles son conscientes de ser diferentes que as súas compañeiras e compañeiros de idade (polas súas conversas, formas de facer, intereses...)Tendo en conta a súa personalidade, poden consideralo como algo positivo ou negativo; o certo que na maioría dos casos, veno negativo. Neste intre é moi importante a actitude das educadoras e educadores ao mesmo tempo que das nais e os pais para facerlles entender que teñen que ser conscientes das súas capacidades e de como teñen que desenvolverlas
- ✓ non precisan axudan, válense por si mesmos: abúrrense con moita facilidade polo que é preciso unha estimulación intelectual e na maioría dos casos é preciso traballar as relacións sociais

Ben, **xa é o momento de deixar claro**, algunhas cousas: as súas nais e pais queremos ter nenas e nenos que sexan felices, que vivan a súa idade, que compartan coas súas compañeiras e compañeiros... é dicir: que sexan nenas e nenos coma os demais. E por elo que estamos en contra de guetos, mais atopámonos cunha morea de problemas para que se poidan desenvolver con naturalidade, atendendo ás súas necesidades.

Non podemos esquecernos que as nenas e nenos superdotados afrontan unha serie de dificultades ao longo do seu desenvolvemento; pois xa dende pequenas e pequenos, a súa evolución intelectual é moi rápida máis a nivel emocional e social poden ser coma as súas compañeiras e compañeiros, o que produce un desaxuste. Todo elo fai que a presión do seu entorno provoque problemas emocionais e de adaptación.

Ata os seis anos manifestan esa presión social con condutas antisociais, dificultades para atopar amigas e amigos, os seus intereses non coinciden coas das compañeiras e compañeiros. Buscan relacionarse con rapazas e rapaces maiores que elas. Plantexanse de forma intensa e cedo preguntas sobre a morte, Deus, a orixe da vida, o universo... se estas preguntas fainas unha picariña ou picariño de tres anos, descoloca moita as nais e pais.

Xa entre os seis e dez anos soen illarse do grupo de amigas ou amigos, aínda que poden ser líderes na clase non teñen con quen compartir experiencias. No caso das nenas, senten máis acrecentado o seu sentido o ridículo, son máis tímidas e retraídas, axústanse as normas e na casa manifestan agresividade e tristura.

Isto fai preciso que perciban unha *Educación especial* , as nosas nenas e nenos non están desadaptados nas primeiras idades se non que é o seu entorno o que non esta adaptado: abúrrense no colexio, séntense diferentes e non saben porque, renden por debaixo das súas posibilidades o que conleva que haxa algunhas nenas e nenos que sufran trastornos psicolóxicos e

fracaso escolar. Teñen que ser as nosas nenas e nenos quen de adaptarse a unhas metodoloxías pedagóxicas, contidos curriculares e ritmos de aprendizaxe feitos para a gran maioría.

É preciso que se lles de unha resposta axeitada, diferenciada e diversificada tendo en conta as súas capacidades:

- ✓ ensinanzas adaptadas: enfoques multidisciplinares e cun contexto educativo dinámico, estimulante, enriquecido
- ✓ acceso aos recursos e materiais adicionais planificados especificamente para este fin
- ✓ flexibilidade no horario e nas súas actividades
- ✓ participar de xeito activo no proceso de enseñanza-aprendizaxe e logo pór en práctica as súas habilidades
- ✓ valorárselles as súas ideas creativas e orixinais
- ✓ favorecer que se sintan valorados e aceptados
- ✓ orientación para manexar as relacións sociais e interpersoais

Dende a Consellería de Educación, amosan coma estratexias empregadas con maior frecuencia:

- ✓ *Enriquecemento ou adaptacións curriculares* .ven sendo a individualización da enseñanza, deseñando programas axustados as características de cada nena ou neno, manténdose co mesmo grupo que lle corresponde. Hai dous tipos:
 - enriquecemento vertical: auméntanse os contidos a aprender en unha ou varias materias
 - enriquecemento horizontal: porfundízanse e interrelaciónanse os contidos que se aprenden
- ✓ *Agrupamento*: fórmanse grupos de alumnas e alumnos con altas capacidades nalgún momento do horario escolar para traballar con elas e eles as súas capacidades. Pódense producir gettos.
- ✓ *Aceleración*: supón unha flexibilización na escolaridade, basease cando están conqueridos os obxectivos do curso seguinte mais hai que ter en conta outras facetas do seu desenvolvemento coma é a súa madurez emocional e social, pois pode ser prexudicial ao aumentar a disonancia entre os dous aspectos.

Na lexislación recóllense dúas posibilidades:

- anticipar ós cinco anos o inicio da escola obrigatoria

- reducir a duración total da escolaridade obrigatoria

A aceleración ten que ir acompañada de adaptacións curriculares, manter unha avaliación continua do proceso e unha avaliación psicopedagóxica realizada polos correspondentes especialistas para que se materialice a flexibilización; podendo ser revocada no caso de que non se cumpran as condicións previstas.

A día de hoxe, a administración é coñecedora do fracaso escolar entre estas nenas e nenos, que supera o 50% e que se van a converter en adultos fracasados; e é por iso que dende a Asociación de Altas Capacidades (AS.A.C) estamos a facer un traballo que realmente compételle a dita administración como son os Programas de enriquecemento, Escola de nais e pais... sen esquecermos dunhas claras reivindicacións:

- ✓ Formación e información real para profesoras e profesores, inspectoras e inspectores, orientadoras e orientadores, a través de cursos, xornadas... que sexan homologábeis.
- ✓ Aínda que non podemos esquecer que no ano 2003, fíxose un pequeno libro onde se daban unhas orientacións e respostas educativas para as alumnas e alumnos con sobredotación intelectual; solicitamos a publicación dunha "guía" que contribúa á difusión da información básica sobre as nenas e nenos de altas capacidades; que proporcione datos dos recursos técnicos e profesionais aos que poder acudir, facéndoa chegar aos distintos colectivos: centros escolares, departamentos de orientación, centros de saúde (pediatras), asociacións, bibliotecas, centros de información xuvenil, internet, servizos sociais...
- ✓ Potenciar a Unidade de Estudio e Investigación en Superdotación, sita na Universidade de Santiago, para deste xeito poderanse detectar as nenas e nenos superdotados que se atopan no noso País.
- ✓ Implantar este tema amplamente nas carreiras nas que se poidan atopar coas nenas e nenos destas características: Maxisterio, Pedagogía, Psicología, Pediatría...
- ✓ Seguimento das rapazas e rapaces que se atopan en todos os nosos centros escolares, para o que é preciso facer un censo de todas e todos eles ao mesmo tempo que manter unhas avaliacións aos respectivos centros nas medidas a tomar para o seu desenvolvemento.
- ✓ Profesoras e profesores de apoio específicos para atención a diversidade, facendo fincapé en que o apoio por parte deste colectivo, ten que ser o mesmo para os supra coma os infra dotados.
- ✓ Cumprimento da Lei, ante a que as nosas nenas e nenos se atopan en discriminación:
 - hai colectivos de NEE, coma o Síndrome de Down que contan con programas específicos adaptados ás súas necesidades
 - as nenas ou nenos que se beneficiarán, do Plan Experimental do Ministerio de Educación, de apoio e reforzo e titorías de acompañamento para alumnas e alumnos

con dificultades de aprendizaxe. Desenvolverase en centros de primaria e secundaria. Son programas que se impartirán fóra do horario escolar habitual (dúas horas diarias pola tarde durante catro días), contando cunha coordinadora en cada centro, a cargo de profesoras de apoio e reforzo, estudantes universitarias, bacharelatos ou FP, se non é posíbel a titoría. Ditos grupos de “atención á diversidade” formaranse entre cinco e dez alumnas e alumnos. Pois, non podemos esquecer que as nosas nenas e os nosos nenos son os que nas estadías entran dentro do gran fracaso escolar.

- os traballos teñen que desenvolverse dentro do horario lectivo pois teñen dereito ao seu tempo de lecer